



ARANTZA PORTABALES

Xoves 13 de maio, 20:00 h

Fundación Luis Seoane

Arantza Portabales (San Sebastián, 1973) é licenciada en Dereito pola USC e funcionaria da Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia. No ano 2013 iníciase como escritora no xénero do microrrelato. En 2015 publicou o seu primeiro libro: **A Celeste la compré en un rastrillo** (Zaera Silvar, 2015). Ese mesmo ano, a súa novela en lingua galega, **Sobrevivindo** (Galaxia 2015) obtivo o XV Premio de Novela por Entregas da Voz de Galicia. En 2017 o seu relato **Circular C I: Cuatro Caminos-Embajadores** gañou a XVIII edición do Certame de Narración Breve da UNED/UNED. A súa segunda novela, **Deixe a súa mensaxe despois da sinal**, (Galaxia, 2017) é traducida ao castelán, ao italiano, ao hebreo e ao alemán, e levada ao teatro pola Compañía Tanttaka. A súa terceira novela **Belleza vermella**, (Galaxia, 2019) publicouse conxuntamente coa tradución da mesma ao castelán, e editouse en Italia co título de **Bellezza Rossa**. En 2020 publicou o libro ilustrado de relatos **Historias de mentes** (Editorial Bululú)

A VIDA SECRETA DE ÚRSULA BAS

(Editorial Galaxia, 2021; Editorial Lumen para a edición en castelán)

Dun día para outro, e sen que se saiba o motivo, desaparece unha escritora de sona. O seu home pon unha denuncia na comisaría de Compostela á que, logo dunha baixa prolongada, se acaba de reincorporar Santi Abad. Tras a resolución do "caso Alén", o asasinato que pouco máis dun ano antes fixera abalar os alicerces do mundo da arte e da sociedade galega, o inspector Abad e Ana Barroso, ascendida a subinspectora, volven formar equipo. Cunha trama de ritmo e acción fulgurantes, **A vida secreta de Úrsula Bas** penetra na dobre vida dunha muller que se deixa arrastrar pola forza subxugante do descoñecido, pola atracción e misterio dun ser verdadeiramente perverso.



Somos o que
LEMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015